

Jorge Rubén Sampedro Grande, Subdirector Xeral de Plans e Programas da Secretaría Xeral para o Deporte, no marco dos grupos de traballo para a elaboración dos protocolos FISICOVID-DXTGALEGO, **CERTIFICA**

1. Que consonte ao disposto no apartado 3.21 do Anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, publicado por Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade (Diario Oficial de Galicia nº 115, 13.06.2020), así como da Orde do 11 de febreiro de 2022 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e se modifican a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 29 de setembro pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia, a **Federación Galega de Patinaxe** presentou unha actualización do seu protocolo FISICOVID-DXTGALEGO no que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no **ámbito do deporte federado autonómico**; en diante o protocolo.
2. Que dito protocolo axústase aos requirimentos establecidos na Resolución do 15 de xuño de 2020 da Secretaría Xeral para o Deporte pola que se aproba o protocolo FISICOVID-DXTGALEGO no que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia (Diario Oficial de Galicia nº 120, 19.06.2020) e
3. Que xunto ao anterior, o protocolo axústanse ao establecido na normativa en vigor sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, para a realización da **práctica deportiva de Patinaxe con contacto tanto en adestramentos como en competicións**.

Santiago de Compostela,

O subdirector xeral de Plans e Programas

Jorge Rubén Sampedro Grande

(documento asinado dixitalmente)

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

Escola Galega de Administración
Pública (EGAP)
Rúa Madrid 2-4, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
T. +34 881 996 348/353
secretaria.deporta@xunta.gal
www.xunta.gal

